

MATERIA
Historia de Roma

TITULACIÓN
Grao en Filoloxía Clásica

unidade
didáctica
3

A República romana

Ana M^a Suárez Piñeiro

Área Historia Antiga
Departamento de Historia I
Facultade de Xeografía e Historia

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DESCATALOGADO

© Universidade de Santiago de Compostela, 2014



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-ND 2.5
Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na
licenza Creative Commons BY-NC-ND 2.5 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo
excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/deed.gl>

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Vicerreitoría de Estudantes,
Cultura e Formación Continua
da Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

ISBN

978-84-16183-55-5

MATERIA: Historia de Roma

TITULACIÓN: Grao en Filoloxía Clásica

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. As orixes de Roma

Unidade II. A monarquía

Unidade III. A República

Unidade IV. O Alto Imperio

Unidade V. O Baixo Imperio

ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN

2. OBXECTIVOS

3. CONTIDOS

Tema 1: A formación da República

- 1.1. Contexto inicial
- 1.2. O conflito entre patricios e plebeos
- 1.3. A conquista da Península Itálica

Tema 2: O Estado patricio-plebeo

- 2.1. O sistema político
 - 2.1.1. As maxistraturas
 - 2.1.2. As asembleas populares
 - 2.1.3. O Senado
- 2.2. A organización de Italia: anexións e alianzas. As comunidades provinciais

Tema 3: A expansión de Roma polo Mediterráneo

- 3.1. As Guerras Púnicas
- 3.2. As monarquías helenísticas a finais do s. III e a intervención de Roma

Tema 4: A crise da República

- 4.1. Punto de partida: a cuestión agraria
- 4.2. Os irmáns Graco
- 4.3. Os intentos de reforma: Mario, A. Saturnino, Livio Druso
- 4.4. A Guerra dos Aliados (90-88)
- 4.5. A guerra civil entre Mario e Sila (88-81)
- 4.6. A ditadura de Sila (81-80)
- 4.7. O primeiro triunvirato
- 4.8. A guerra entre César e Pompeio
- 4.9. César: reformas e réxime político (46-44)
- 4.10. O segundo triunvirato e o triunfo de Octavio (42-35)

4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PROPOSTAS

5. AVALIACIÓN

6. BIBLIOGRAFÍA

8. ANEXOS

- 8.1. Lei das Doce Táboas
- 8.2. *Commentariolum petitionis*
- 8.3. Xeografía republicana

1. PRESENTACIÓN

Esta unidade didáctica sobre A República romana forma parte da materia Historia de Roma (G5071502) que está integrada no módulo Historia, arte e pensamento grecorromanos. Corresponde á titulación do Grao en Filoloxía (materia ordinaria Grao RD 1393/2007), posúe carácter obrigatorio e cúrsase no primeiro ano (1º curso), no segundo cuatrimestre.

A materia Historia de Roma consta de 6 créditos e supón, polo tanto, 150 horas de dedicación total por parte do alumnado. Estas horas repártense entre o traballo na aula e o labor autónomo do alumnado, da seguinte maneira.

- Traballo presencial: 51 h.
- Docencia expositiva: 32 h.
 - Docencia interactiva: 16 h.
 - Tutorías personalizadas: 3 h.
- Traballo autónomo (estudo, lecturas, elaboración de traballos, preparacións de exposicións orais, etc.): 99 h.

A materia organízase en cinco unidades, segundo un criterio cronolóxico. A unidade que aquí se presenta, A República, é a terceira e para impartila prográmanse 10 horas de clase, distribuídas en 10 sesións de 1 hora de duración cada unha delas.

UNIDADE 1: As orixes de Roma

UNIDADE 2: A monarquía

UNIDADE 3: A República

UNIDADE 4: O Alto Imperio

UNIDADE 5: O Baixo Imperio

Partindo, pois, dunha estruturación cronolóxica da materia, esta unidade insírese despois da lección inicial, na que estudamos as orixes de Roma. Así descubrimos como esta xorde dende un punto moi precario: unha simple aldea no Palatino. A continuación tratamos como se constitúe nun pequeno reino no centro do Lacio, ao igual ca outras cidades similares da súa contorna.

Do mesmo xeito, a unidade é continuada polo Alto Imperio, de maneira que aquí se explica a fin do réxime republicano e preséntase o contexto que permite entender a chegada do novo réxime imperial.

Esta unidade permite coñecer a formación da República, etapa na que se constitúen de maneira esencial as estruturas sociais e políticas que determinan a evolución do Estado romano. Así mesmo, nesta fase Roma comeza a conquista do Mediterráneo e establece as pautas primordiais do seu dominio.

2. OBXECTIVOS

Dentro do conxunto da materia establécense unha serie de obxectivos **xerais** que a continuación se relacionan.

Obxectivo 1: coñecer o marco xeográfico e cronolóxico de desenvolvemento da antiga Roma.

Obxectivo 2: comprender os aspectos esenciais da Historia de Roma nos seus diversos ámbitos: político e institucional, social e económico, cultural ou relixioso.

Obxectivo 3: identificar as fontes primordiais (textuais e arqueolóxicas) para reconstruír a historia da antiga Roma.

Para contribuír a acadar estes fins, de maneira particular nesta unidade perséguese unha serie de obxectivos **específicos** que aquí se indican.

Obxectivo 1: coñecer o marco xeográfico e cronolóxico de desenvolvemento de Roma durante a fase republicana.

Obxectivo 2: comprender os aspectos esenciais da Historia de Roma durante a República nos seus diversos ámbitos: político e institucional, social e económico, cultural ou relixioso.

Obxectivo 3: identificar as fontes primordiais (textuais e arqueolóxicas) para reconstruír a historia da Roma republicana.

3. CONTIDOS

A unidade didáctica está composta de catro temas:

Tema 1: A formación da República

- 1.1. Contexto inicial
- 1.2. O conflito entre patricios e plebeos
- 1.3. A conquista da Península Itálica

Tema 2: O Estado patricio-plebeo

- 2.1. O sistema político
 - 2.1.1. As maxistraturas
 - 2.1.2. As asembleas populares
 - 2.1.3. O Senado
- 2.2. A organización de Italia: anexión e alianzas. As comunidades provinciais

Tema 3: A expansión de Roma polo Mediterráneo

- 3.1. As Guerras Púnicas
- 3.2. As monarquías helenísticas a finais do s. III e a intervención de Roma

Tema 4: A crise da República

- 4.1. Punto de partida: a cuestión agraria
- 4.2. Os irmáns Graco
- 4.3. Os intentos de reforma: Mario, A. Saturnino, Livio Druso
- 4.4. A guerra dos aliados
- 4.5. A guerra civil entre Mario e Sila
- 4.6. A restauración de Sila
- 4.7. O primeiro triunvirato
- 4.8. A guerra entre César e Pompeio
- 4.9. César: reformas e réxime político
- 4.10. O segundo triunvirato e o triunfo de Octavio

Tema 1: A formación da República

1.1. Contexto inicial

Tras a caída da monarquía instáurase a República, un réxime aristocrático dirixido polos patricios, descendentes das familias romanas máis antigas. Este cambio coincide no tempo co gran movemento que supuxo en Grecia a fin das tiranías, substituídas por novos réximes democráticos.

A República botaría a andar arredor do ano 500 (no 509 segundo a tradición). Entón Roma deixa de ser unha comunidade rexida por *gentes* (ou clans), liderados por un *pater* (rei) e un consello (o Senado). O novo Estado, a *Res publica*, está agora encabezado por dous maxistrados, cónsules, elixidos anualmente.

A desaparición da monarquía empeorou a condición do pobo romano, agora desprotexido ante unha minoría patricia que acapara poder e recursos. Os cidadáns non incluídos no grupo patricio constituían un conglomerado diverso de pequenos campesiños, artesáns e comerciantes. Eles foron a base da formación do grupo dos plebeos. Non obstante, o sentimento de pertencer a un mesmo grupo non xurdiu ata os inicios da República, cando os patricios comezaron a pechar filas e a monopolizar todos os resortes do aparato estatal: os patricios monopolizaban as altas maxistraturas, o Senado e os sacerdocios.

O afán expansivo dos patricios obrigounos a contar cada vez máis coa forza do pobo no exército. Canto máis contribuía este á expansión de Roma, máis conciencia tomaba da situación de explotación que sufría. Se ben patricios e plebeos achegaban homes e medios para o mantemento do exército, na repartición do botín os primeiros saían beneficiados e as novas terras do *ager publicus* eran concedidas a familias patricias.

1.2. O conflito entre patricios e plebeos

Esta situación de profundo desequilibrio no reparto de poder e riqueza entre patricios e plebeos provocará importantes tensións sociais durante máis de dous séculos (V-IV). Os plebeos reclamarán a consecución dunha serie de dereitos que de maneira progresiva irán acadando. Utilizarán como principal medio de presión a revolta ou insurrección, plasmada na ameaza de secesión. Deste xeito, o conflito vivirá diversos episodios dos que aquí sinalamos os principais resultados.

Primeira secesión

O primeiro conflito ten lugar nos primeiros anos da República. Os plebeos endebedados víanse obrigados a traballar para os acredores en réxime de dependencia, *nexum*, se non pagaban os intereses e os créditos. Os dirixentes plebeos xuntaron forzas ao redor de tres reivindicacións fundamentais:

1. desemeño de maxistraturas;
2. reparto de terras do Estado;
3. supresión da dependencia por débedas.

Como Roma se encontraba en grave peligro a raíz das agresións dos pobos veciños, o goberno patricio prometeu aos plebeos reducións sobre as súas débedas para incorporalos ao exército. Os invasores son rexeitados, pero os patricios non cumpren as súas promesas.

A tradición establece que no 494 os plebeos, ao regresaren dunha campaña militar, se retiraron ao Aventino e ameazaron con crear unha nova cidade se non se aceptaban as súas reivindicacións: suprimir o *nexum* e abrir aos plebeos as altas maxistraturas. Os patricios cederon indirectamente ao permitirilles unha organización propia: foron investidos os primeiros tribunos da plebe; fundouse o templo de Ceres como divindade dos plebeos e para a súa administración nomeáronse edís; ademais, os plebeos podían reunirse en asembleas propias, *concilia plebis*.

Lei das Doce Táboas (450)

Segundo a tradición, ante as reclamacións plebeas sobre a necesidade de fixar por escrito un corpo de leis, enviárase a Grecia unha comisión para estudar as leis de Solón e outros coñecidos lexisladores. Ao seu regreso, formouse unha comisión de dez membros, todos patricios, *decemviri*, para redactar un primeiro corpo de leis. No ano de traballo desta comisión quedaba suspendida a elección de cónsules e tribunos da plebe. Neste tempo, os *decemviri* recolleron as leis en dez táboas. Para rematar a tarefa foi nomeada unha segunda comisión, xa con plebeos, que redactou dúas pranchas máis.

Aquí se recollen as normas consuetudinarias vixentes que afectan a ámbitos moi variados: dereito familiar e herdanza, normativa procesal e penal, propiedade, etc. Cómpre sinalar algúns puntos principais, como o recoñecemento dunha familia de base parental agnaticia, na que o poder do *paterfamilias* é total e a muller está sempre tutelada; ou a prohibición de realizar matrimonios entre patricios e plebeos. Tamén se inclúen outros aspectos que atinxen, por exemplo, ao ámbito funerario, coa prohibición de enterramentos dentro dos muros da cidade ou a limitación da suntuosidade funeraria, así como das mostras excesivas de dor.

A lei das Doce Táboas supón a primeira codificación escrita romana que será a base de futuras normativas. Con ela, os patricios perderan o monopolio do control xurídico e da súa interpretación.

Leis Valeria Horatia (449)

Os cónsules Lucio Valerio Potito e Marco Horacio Barbato ditan varias normas entre as que se inclúe o carácter obrigatorio, previa autorización do Senado, para os plebeos das decisións da asemblea popular, *plebiscita*.

Lei Canuleia (445-421)

Supón a autorización de matrimonios entre patricios e plebeos. Tamén se crea a maxistratura dos cuestores, elixidos polos comicios tribais.

Leis Liciniae Sextiae (367)

Mellóranse as condicións dos debedores posto que se impide a creación de novos latifundios coa restrición de *ager publicus*. Ábrese o consulado aos plebeos.

Lei Poetelia-Papiria (326)

Queda abolido o antigo dereito polo cal o debedor que non devolvía a suma prestada era adxudicado ao acredor: é dicir, prohíbese a escravitude por débedas (*nexum*), vella reclamación plebea.

Lei Ovinia (318)

Admítense os primeiros plebeos no Senado.

Lei Ogulnia (300)

Ábrese o colexio dos pontífices aos plebeos.

Última secesión: lei Hortensia (287)

Os campesiños empobrecidos piden de novo axuda ao Senado para liberarse das débedas. Ao non obter resposta, declaran unha nova *secessio*. Quinto Hortensio é nomeado ditador para resolver a crise xerada. Pon fin ao conflito cunha medida que outorga forza de lei ás resolucións adoptadas polas asembleas da plebe (*plebiscita*), o que supón, na práctica, a súa aceptación xeral.

Non obstante, as claves da desigualdade que provocara os continuos conflitos entre patricios e plebeos permanecen sen resolver. A igualdade política foi só aparente, posto que os patricios mantiñan a súa situación privilexiada cun goberno controlado por unha plutocracia.

Conflito patricio-plebeo

Ano	Medida
494	Secesión da plebe: tribunos da plebe
450	Lei das Doce Táboas: dereito codificado
449	Lei Valeria Horatia: <i>plebiscita</i> obrigatorios para a plebe
445	Lei Canuleia: matrimonios mixtos
367	Leis Liciniae Sextiae: restricións do <i>ager publicus</i> ; plebeos optan ao consulado
326	Lei Poetelia-Papiria: prohibición do <i>nexum</i>
318	Lei Ovinia: primeiros senadores plebeos

1.3. A conquista da Península Itálica

Roma practicará unha política que combina a forza das armas coa diplomacia, e que se plasma en guerras de invasión e alianzas (509-264) ante diversos inimigos: latinos, etruscos, galos, samnitas ou gregos. Vencedora en todas as fronteas, completa o dominio da Península Itálica arredor de mediados do s. III.

A. Liga latina

Arredor do ano 500 as cidades latinas alíanse para defender a súa independencia ante Roma. No 493, na batalla de Regillo, Roma derrótaas e establece una nova Liga (*foedus Cassianum*), que lidera, e cun exército conxunto baixo o seu mando. Tras diversos avatares nos que os membros da Liga reclamarán a súa independencia, no 338 prodúcese o triunfo definitivo de Roma que dissolve a Liga: as cidades latinas quedan sometidas ao seu poder. Deste xeito, Roma asimila todo o territorio do Lacio.

B. Veies

Veies era a principal cidade etrusca no sur, cun gran valor estratéxico porque permitía o dominio do val inferior do Tiber. A súa conquista (ano 396) supón, ademais, a incorporación de ricas terras para repartir entre a poboación coas que calmar as súas reivindicacións.

C. Invasións galas

Roma ten que facer fronte tamén a poderosos inimigos extrapeninsulares, como os galos. Estes irrompen con forza no seu territorio e chegan a saquear a cidade no ano 390. Non obstante, os romanos superan esta derrota e acaban rexeitando este poderoso inimigo.

D. Guerras Samnitas (343-290)

Tras tres guerras que se prolongan durante case medio século, Roma derrota os samnitas e impón así a súa hexemonía no centro peninsular.

E. Gregos (282-272)

A colonia grega de Tarento, a máis próspera ao sur da península, pediu axuda no ano 282 a Pirro, rei do Epiro, contra Roma. Tras diversos enfrontamentos nos que a guerra alcanza tamén a Sicilia, o poderoso Pirro fracasou e Roma completou o seu dominio no sur de Italia.

Tema 2: O Estado patricio-plebeo

2.1. O sistema político

2.1.1. As maxistraturas

As maxistraturas son os cargos públicos do Estado e foron xurdindo, de maneira progresiva, ao ritmo dos cambios e do devir histórico. A continuación detallamos as características principais que rexen o seu funcionamento.

Electivos. Os maxistrados son elixidos polas diversas asembleas. Cónsules, pretores e censores (maxistrados maiores) son elixidos polas asembleas centuriadas. Mentres, edís e cuestores son designados polos comicios por tribos. Unha maxistratura, de carácter extraordinario, escápase a esta condición, a ditadura. A reelección no cargo está prohibida antes do transcurso de dez anos.

Temporais. A maioría das maxistraturas duran un ano. Como excepcións principais están a ditadura (cun tempo máximo de desempeño de 6 meses) e a censura (cun tempo máximo no cargo de 18 meses). Non obstante, na segunda metade da República normalízase a prórroga de certos cargos.

Colexiadas. Ningún cargo se exerce en solitario para evitar a concentración de poder (coa excepción da ditadura). Esta condición non supón a división de poder, senón a actuación conxunta: o dereito de veto permite evitar ou anular actuacións sen acordo.

Xerárquicas. Establécese unha xerarquía no exercicio progresivo das diversas maxistraturas, *cursus honorum*. A lei *Villia Annalis*, no ano 180, sanciona unha antiga pauta ao fixar a idade mínima para o desempeño de certos cargos: 31 anos para a cuestura, 37 para a edilidade, 40 para a pretura e 43 para o consulado. A categoría dos maxistrados ordénase segundo unha escala que segue, de menor a maior, esta pauta: cuestura, edilidade, pretura, consulado e censura.

Gratuítas. O exercicio do cargo non está remunerado porque o desempeño da maxistratura significa, ante todo, un honor. Deste xeito, a carreira política na práctica quedaba limitada á unha minoría de familias capaces de afrontar a esixencia económica que implicaba. En todo caso, se o cargo supuña viaxes por campañas militares, nese caso arbitrábanse recursos públicos. Aínda que as maxistraturas non se remuneraban, os beneficios económicos que se derivaban do seu desempeño podían ser cuantiosos. De feito, un dos problemas máis graves dos últimos anos republicanos foi a corrupción, tanto en Roma (crime *de ambitu*) como nas provincias (crime *repetundarum*).

Responsables. Os maxistrados xuran ante os deuses respectar as leis públicas. Desta maneira, respondían dos seus actos ante eles e ante a comunidade. Durante o seu mandato non podían ser acusados por maxistrados inferiores pero si por cargos de potestade superior. En principio, responden da súa actuación ao finalizar o cargo e poden ser xulgados e condenados.

As maxistraturas poden clasificarse de acordo cunha serie de propiedades. Así temos maxistraturas con *imperium* e con *potestas*, maiores ou menores, curules e non curules, ou ordinarias e extraordinarias.

A *potestas* implica a esfera de actuación do maxistrado, o ámbito de exercicio das súas competencias. Pola súa banda, o *imperium* supón, ante todo, o mando militar, en esencia a capacidade para recrutar tropas. Ademais, os maxistrados con *imperium* poden consultar os auspicios (*ius auspiciorum*) e convocar tanto o Senado (*ius agendi cum patribus*) como as asembleas populares (*ius agendo cum populo*). Este *imperium* pode exercerse dentro de Roma (*imperium domi*, no ámbito civil limitado por outros poderes) ou fóra dela (*imperium militiae*). De feito, salvo concesións de triunfo, prohíbese a entrada de tropas na cidade.

Todas as maxistraturas gozan de *potestas*, pero só algunhas dispoñen de *imperium*: consulado, pretura e ditadura.

Podemos cualificar, ademais, as maxistraturas de *maiores* ou *minores* en función da capacidade para ordenar a celebración de auspicios. Estes consistían en ritos practicados polos augures para coñecer a vontade dos deuses ante acontecementos de relevancia para a comunidade. As maxistraturas maiores permitían solicitar auspicios de maior transcendencia.

As maxistraturas tamén se diferencian en función de signos de distinción externos e indumentaria. Así, os maxistrados curules nas cerimoniais públicas poden usar a cadeira curul (*sella curulis*) e a toga pretexta (de cor branca e cunha banda púrpura). Son maxistrados curules os seguintes: ditador, cónsul, pretor, censor e edil curul.

Por último, podemos distinguir entre maxistraturas ordinarias e extraordinarias. As primeiras son as que comezan ao principio de cada ano e se desenvolven sen interrupción ningunha. A maioría corresponde a esta categoría. Extraordinaria sería aquela que é excepcional na súa designación e duración como a ditadura.

A continuación caracterizamos as principais maxistraturas romanas.

Consulado. O cónsul (2) exercen o mando supremo do exército (organiza as levas, declara a guerra, impón tributos de guerra) e é a máxima autoridade civil do Estado (convoca e preside o Senado e as asembleas populares). Emite, ademais, ordes de obrigado cumprimento para toda a comunidade.

Pretura. Exerce as competencias na administración de xustiza. En principio distinguíase un pretor *urbanus* (para preitos entre cidadáns) e un *peregrinus* (preitos entre cidadáns e estranxeiros que viven en Roma). O seu número crecerá segundo as necesidades: goberno das provincias e presidencia de tribunais (dende 2 ata 10 en tempos de César).

Censura. Constitúe o honor máis elevado e o seu desempeño comporta un enorme prestixio. Asume a elaboración do censo (lista de cidadáns e bens) e, pola Lei Ovinia, tamén a lista de membros do Senado (*lectio senatus*). Exerce, ademais, a vixilancia dos costumes e das tradicións segundo a moral pública, a *cura morum*. Tamén lle corresponde aos censores a xestión e administración das finanzas do Estado: arrendo da explotación de bens públicos, contratación de obras públicas, etc. Os censores eran elixidos cada cinco anos para un mandato cunha duración máxima de 18 meses. Para acadar o cargo de censor había que ser ex-cónsul.

Cuestura. Esta maxistratura depende directamente do cónsul. Correspóndelles aos cuestores a custodia dos arquivos públicos e a administración do Tesouro. O seu

número crecerá de maneira progresiva e xurdirán cuestores provinciais dependentes dos seus gobernadores (ata 40 en tempos de César).

Tribunado da plebe. Foi a maxistratura ideada para satisfacer as demandas da plebe. Os tribunos eran inviolables e sacrosantos e gozaban de dereito de veto e de capacidade para convocar a asemblea. O seu número tamén se viu incrementado notablemente co paso do tempo.

Edilidade. Esta maxistratura xurdira para custodiar os templos (*aedes*) da plebe. Estableceuse unha distinción entre edís curules (2, de rango senatorial) e outros 2 plebeos, que co tempo deixou de ter relevancia. As súas competencias eran: vixilancia da orde pública; control de pesos, medidas e impostos nos mercados; abastecemento e reparto de alimentos; supervisión do estado e limpeza de edificios públicos; organización dos xogos, etc.

Ademais está unha maxistratura extraordinaria, a **ditatura**, que o Senado concedía en situacións de excepción. O *ditator* xercía por tempo limitado (máximo de 6 meses) o control total sobre a cidade e o exército.

2.1.2. As asembleas populares

Existen en tempos republicanos tres tipos de asembleas populares ou *comitia* (de *cum ire*, reunirse) en función da súa composición: comicios reunidos por curias, por centurias e por tribos. As dúas asembleas xa existentes durante a Monarquía, os *comitia curiata* e os *comitia centuriata*, permaneceron, pero a primeira perdeu boa parte do seu poder.

Comitia curiata. Esta asemblea, a máis antiga, estaba integrada polo pobo dividido en curias (30). Nacera, segundo a tradición, a partir das 3 tribos orixinarias (cada unha delas dividíase en 10 curias). Perdeu atribucións de maneira progresiva e converteuse nunha reunión cerimonial (para dar solemnidade á designación dos principais maxistrados e supervisar actos relacionados coa organización familiar). Mantivo a capacidade para nomear sacerdotes.

Comitia centuriata. Esta asemblea xurdira como consecuencia da reforma de Servio Tulio, que organiza a comunidade en centurias (193) a partir dun censo baseado en criterios timocráticos. Nas centurias quedan incluídos todos os cidadáns aptos para a guerra clasificados segundo o seu nivel de riqueza. Polo tanto, o status militar e político vén determinado pola riqueza. Os novos comicios relegan os *comitia curiata* e asumen parte das súas funcións. A nova asemblea elixe os maxistrados superiores e ten capacidade lexislativa.

Comitia tributa. A asemblea por tribos inclúe todos os cidadáns romanos, patricios e plebeos, distribuídos en función da súa residencia. En orixe Roma contara con tres tribos pero o incremento da poboación multiplicou o seu número. Finalmente establécense 35 tribos: 4 urbanas e 31 rústicas. Aqueles que carecen de terras, por tanto de bens, e a súa riqueza vén dada só pola descendencia ou prole (*proletarii*) adoitan seren adscritos ás tribos urbanas. Pola contra, as tribos rústicas incorporan os propietarios de terras (*adsidui*: os que no seu solo teñen a sede).

Esta asemblea elixe os maxistrados menores. Adquire tamén capacidade lexislativa, función que irá crescendo en detrimento dos comicios por centurias. O recoñecemento da validez dos plebiscitos para todo o pobo pola lei Hortensia converteuna na asemblea do pobo romano. Actuaba, ademais, como máximo tribunal de apelación para todo cidadán condenado. Aínda así, o seu poder quedaba limitado á ratificación previa do Senado sobre as cuestións a tratar e sempre sometida á manipulación dos maxistrados que establecían o calendario das votacións.

Por último, moi próximos e relacionados cos comicios por tribos están os **concilios da plebe**, cos que chegan a confundirse con frecuencia. A súa base de constitución tamén son as tribos, pero só as plebeas. A partir da equiparación dos plebiscitos coas leis esváense as diferenzas entre a asemblea por tribos e os concilios plebeos. Estes últimos e os seus líderes, os tribunos da plebe (os que elixen), asumirán un papel cada vez máis relevante a medida que avanza a República.

2.1.3. O Senado

En orixe, o Senado nacera coa Monarquía como órgano consultivo do rei formado por patricios. Tendo en conta o carácter temporal e limitado das maxistraturas, esta institución convértese no órgano que garante a estabilidade do Estado.

Durante a República combina o respecto polas antigas tradicións cunha limitada apertura. Así, a partir da lei Ovinia (318) tamén plebeos poden ser nomeados senadores. Os senadores ostentan o cargo de maneira vitalicia. A súa elección corresponde aos censores quen os designaban, basicamente, entre antigos cónsules. O seu número variará segundo a época e a finais da República o Senado estará integrado por 300 membros.

Respecto das súas competencias, mantén neste período a función consultiva (agora asesoran os cónsules) e asume tamén o *interregnum*. Este último implica que, ante a vacante no consulado, un senador, coma *interrex*, asume de forma interina as súas funcións para garantir o procedemento electoral que designe o novo cónsul. Ademais, o Senado exerce a *auctoritas patrum*, requisito previo que autoriza á votación dos proxectos de lei tramitados nas asembleas por centurias e que sanciona as decisións das asembleas populares. Por último, os senadores asumen competencias no ámbito financeiro co control e xestión da Facenda pública, así como no ámbito internacional nas relacións con outros estados.

2.2. A organización de Italia: anexións e alianzas. As comunidades provinciais

Roma non só debía gobernarse a si mesma, senón tamén o territorio que conquistaba. Neste sentido, a organización de Italia representou para Roma todo un laboratorio político e administrativo no que experimentar diversas formas de integración. Hai que partir da distinción entre:

1. o *populus Romanus*: os romanos, cidadáns con plenos dereitos;
2. o pobo que conformaba as comunidades sometidas á soberanía do Estado no resto de Italia: latinos e itálicos.

Ante as comunidades sometidas, Roma propiciou a coexistencia e asimilación, apoiou sistematicamente a aristocracia dos pobos sometidos e demandou tropas. Os seus habitantes non participaban no goberno de Roma e non podían declarar a guerra nin facer a paz, nin establecer alianzas, nin cuñar moeda sen o consentimento de Roma. Aínda que algunhas destas comunidades podían gozar de certos privilexios e autogobernarse, non formaban parte do corpo soberano do pobo romano.

Tres estatutos definían os dereitos das comunidades:

1. Anexión á *Civitas Romana*. Neste caso os habitantes gozaban de plenos dereitos (*cives romani optimo iure*), en comunidades integradas mediante anexión (*municipium*) ou de nova creación, colonia.
2. Aliados (*socii*) latinos.
3. Aliados itálicos: *peregrini*.

Latinos e romanos podían concertar matrimonios mixtos; gozaban da mesma protección legal nos intercambios comerciais (*ius commercii*); e mantiñan a cidadanía orixinaria en caso de desprazarse e residir noutra comunidade (*ius migrandi*). Pola contra, os latinos estaban privados dos dereitos políticos e militares dos romanos: non formaban parte das tribos romanas, nin elixían nin podían ser elixidos para unha maxistratura e estaban excluídos das lexións.

As condicións xurídicas das comunidades eran diferentes e dependían de factores como a actitude cara a Roma, o seu nivel de desenvolvemento ou o contorno xeográfico.

Federadas (*civitates foederatae*). Os habitantes non se opuxeran á conquista. Un tratado (*foedus*) establece as condicións da relación que garante a súa capacidade xurisdiccional. Este tipo de comunidades goza de certa autonomía administrativa a cambio do pago dun tributo e de subministracións militares.

Libres. Para asegurar o respecto á súa organización xurisdiccional e rexerse polas súas propias normas este tipo de comunidade debe cumprir servizos de intendencia.

Dediticias. Este tipo de comunidades foron sometidas pola forza das armas, polo que a condición dos seus habitante non está regulada por ningunha norma específica ou estatutaria.

Tema 3: A expansión de Roma polo Mediterráneo

3.1. As Guerras Púnicas

No s. III Cartago era a gran potencia do Mediterráneo con factorías no norte de África e sur da Península Ibérica e illas en posicións estratéxicas. As ambicións expansionistas de Roma facían o enfrontamento inevitable. As dúas potencias prolongaron a súa loita durante máis dun século en interminables e cruentas guerras.

A Primeira Guerra Púnica (264-241) foi a primeira guerra extra-itálica de Roma. O factor desencadeante encontrámolo en Sicilia. A vitoria romana sobre Amílcar Barca permitirá a conversión de Sicilia na primeira provincia romana.

A Segunda Guerra Púnica (218-201) librouse polo control do Mediterráneo occidental, en particular Hispania. Nesta ocasión o punto de partida foi a petición de

axuda por parte dos habitantes de Sagunto. Os seus principais protagonistas serán Haníbal e Escipión Africano. O primeiro vencerá en Cannas (Península Itálica), pero a vitoria definitiva será para o romano en Zama (Bética).

Finalizado o conflito, Roma estableceu unha colonia en Itálica para recoller os soldados feridos. Non obstante, limitou a súa presenza en Hispania ao ámbito militar (saqueo e exacción de diñeiro para manter tropas e relacións conxunturais coas poboacións locais mediante alianzas militares). Non contemplaba unha ocupación permanente do territorio.

A Terceira Guerra Púnica (149-146) tivo como escenario a propia Cartago. Mentres esta debía facer fronte a outro pobo africano, os númidas, Roma aproveitou a situación para lanzar o derradeiro ataque que supuxo a destrución completa da cidade.

3.2. As monarquías helenísticas a finais do s. III e a intervención de Roma

O afán expansivo de Roma lévaa a enfrontarse coas principais potencias da época.

Guerras Macedónicas (214-168). O rei de **Macedonia**, Filipo V, aliado de Haníbal, soñaba con reconstituír o grande imperio de Alexandre. Inevitable será o choque entre os dous Estados: a escusa será nesta ocasión a solicitude de axuda por parte de Exipto e Grecia ante o avance macedonio. Tras diversas batallas nas que se alternan as vitorias, Roma inflíxe a derrota definitiva aos macedonios en Pidna, que supón, ademais, a fin da monarquía macedónica.

Grecia, unha vez liberada do dominio macedonio, verase ameazada polo control romano. Roma será implacable cos gregos, en particular con Corinto, destruída ao igual que Cartago. Grecia converterase en provincia romana no ano 146.

Roma tamén se enfrontará co **Imperio Seleúcida** liderado por Antíoco III o Grande, rei de Siria. Este supuña unha ameaza porque acaparaba territorios dende Asia Menor ata o Indo; asilaba a Haníbal e atacaba os romanos en Grecia. A vitoria de Magnesia (Lidia) no ano 190 supuxo a derrota deste poderoso inimigo. Siria converteuse así en protectorado de Roma e as costas de Asia foron repartidas.

Desta maneira, Roma álzase, no s. II, como a única potencia no Mediterráneo, contemplado xa como o *mare nostrum*.

Tema: 4. A crise da República

4.1. Punto de partida: a cuestión agraria

As terras conquistadas, incorporadas como provincias, transformaron a organización social, económica e as formas de vida republicanas. Roma deixara de ser unha zona produtora e empezou a manterse ás súas expensas. Os principais beneficiarios foron as grandes familias patricias (*optimates*), que recibiron inmensos latifundios traballados por escravos, e os grandes comerciantes de orixe plebea. E, aínda que mellorasen economicamente, a nivel político, os cabaleiros seguían excluídos dos cargos públicos relevantes.

A guerra arruinou os campesiños. As súas familias víronse obrigadas a vender as terras mentres eles estaban na guerra. Noutros casos vendéronas eles mesmos ao non poderen competir cos baixos prezos das provincias. Asemade, moitos campesiños emigraron a Roma, que se converteu nunha grande urbe cunha numerosa plebe empobrecida.

Por outra banda, latinos e itálicos sufrían, ademais, a marxinación derivada de carecer da cidadanía romana: participaban obrigatoriamente nas cargas militares pero non obtiñan beneficio ningún das conquistas territoriais. Por último, a expansión territorial incrementou considerablemente o número de escravos.

En consecuencia, un sector senatorial de grandes propietarios acumulaba cada vez máis riqueza e controlaba todos os resortes do poder: Senado, tribunais, provincias e lexións.

Este contexto evidencia graves desequilibrios que se manifestaron de forma aberta coas propostas de reforma promovidas polos irmáns Graco dende o tribunalado da plebe.

4.2. Os irmáns Graco

Tiberio Graco promoveu, como tribuno da plebe, no ano 133, unha reforma agraria, que sería continuada, dez anos despois, polo seu irmán Caio. Esta medida partía da necesidade de aplicar a antiga lei Licinia-Sextia que limitaba os latifundios para revisar os arrendamentos de terras públicas do Estado. Así establécese a prohibición de posuír máis de 500 *iugera* (125 ha) de *ager publicus* e outros 250 por cada un dos dous primeiros fillos, ata un máximo de 1000. A terra restante sería devolta ao Estado e parcelada en terreos de 30 *iugera* (7,5 ha), asignados a cidadáns pobres a cambio dunha pequena renda.

Para levar adiante a reforma designouse unha comisión de 3 homes (Tiberio e Caio Graco, e Apio Claudio Pulcher). O obxectivo era paliar a penosa situación da plebe urbana, evitar emigracións do campo á cidade e reforzar a moral das tropas lexionarias, entre as que había moitos fillos de campesiños.

A tramitación do proxecto foi revolucionaria. Tradicionalmente, as propostas dos tribunos eran consensuadas co Senado, pero Tiberio actuou contra a súa vontade. O Senado intentou frealo cun tribuno afin, Marco Octavio, quen vetou a lei, pero foi deposto como tribuno e a lei aprobada: primeiro éxito da vontade popular. O Senado obstaculizou a aplicación e Tiberio propuxo unha nova lei: o patrimonio que Atalo III, rei de Pérgamo, deixara ao pobo romano destinaríase a axudas para aqueles que recibisen os lotes de terra. Esta proposta supoñía facer partícipe dos beneficios obtidos no exterior.

Tiberio presentouse para un segundo mandato, feito excepcional. O Senado, temendo as novas propostas (redución do servizo militar, introdución de cabaleiros nos tribunais, dereito a apelar á asemblea ante decisións dos tribunais, promesa de tratar o tema da cidadanía de aliados e latinos) decidiu intervir e o tribuno foi asasinado (132), rompendo a inviolabilidade do cargo.

A pesar da morte de Tiberio, o Senado non se atreveu a suspender a lei agraria. O seu traballo foi recollido polo seu irmán, Caio, tribuno da plebe no 123. Este presentou un programa ambicioso de reformas e buscou apoios para a súa aprobación: tiña en conta os intereses da plebe urbana e buscaba adeptos entre os *equites* (comerciantes e ricos propietarios).

Medidas propostas por Caio Graco:

Lex de capite civis: lévase a xuízo a quen tivese feito axustizar cidadáns sen permitirlles apelar a pobo.

Lex ab actis: prohibe que todo maxistrado deposto por indigno nunha maxistratura por decisión da asemblea popular puidese ocupar calquera outra.

Lex Acilia: os cabaleiros pasan a formar parte dos tribunais encargados de xulgar os gobernadores provinciais corruptos en número igual aos senadores.

Lei Sempronio sobre a provincia de Asia: a recadación de impostos da provincia quedaba en mans de sociedades de *publicani* controladas por cabaleiros.

Amplo programa de fundacións coloniais: pola *lex Rubria* fúndase a colonia Iunonia (Cartago).

Nova lei frumentaria: o Estado garante comprar trigo para distribuílo á plebe de Roma a un prezo fixo máis baixo có do mercado.

Lei que impedía recrutar a menores de 16 anos e obrigaba o Estado a proporcionar o equipamento militar.

Tras un primeiro mandato exitoso, Caio presentouse ao segundo, no 122. Retomou o proxecto de ampliar o número de cidadáns, ofrecendo a cidadanía só aos latinos. Os senatoriais opuxéronse mediante outro tribuno, Druso. Tras optar a un terceiro mandato, Caio foi asasinado.

En conclusión, a lexislación dos Graco deu lugar aos primeiros enfrontamentos violentos entre cidadáns romanos, anticipando as futuras guerras civís que poñerán fin á República. A sociedade, a nivel político, dividiuse: os que defendían manter a situación sociopolítica, a minoría elitista, os *optimates*; e os que buscaban continuar a obra de Tiberio, de ampliar dereitos da plebe, os *populares*.

4.3. Os intentos de reforma: Mario, A. Saturnino, Livio Druso

Os *optimates* dedicáronse a desmontar a obra dos Graco, pero esta callara xa, polo que a partir de aquí, nos anos do cambio de século, presentaranse diversas iniciativas reformistas.

Mentres, chegaban noticias da ineficacia dos mandos militares (derrotas ante os númidas de Iugurta, en África) e da corrupción que alteraban a plebe e desprestixiaban a minoría no poder. Así, no ano 109, mediante a lei *Mamilia* os *populares* conseguen crear unha comisión para investigar acusacións de corrupción provincial.

Neste contexto sobresa a figura dun militar experimentado, **Mario**, quen parecía representar a obra defendida polos Graco. Os tribunos da plebe promoveron o mando de Mario sobre as tropas de África. Foi elixido cónsul e derrotou a Iugurta. Mario recrutara o seu propio exército dunha maneira revolucionaria: suprimiu a

esixencia de recrutar só soldados inscritos no censo como propietarios e incluíu moitos proletarios. A partir deste momento, o exército pasaría a estar formado na súa maioría por cidadáns pobres. Estamos no inicio do proceso da profesionalización das tropas romanas.

Por outra banda, este sistema de leva establecía vínculos especiais entre soldados e xefes militares. Mario necesitaba o apoio da asemblea popular para aprobar as leis de distribución de terras aos seus veteranos, e de aí a súa alianza cos *populares*.

Outras medidas de corte popular foron propostas nestes anos.

A lei *Servilia iudiciaria* (de Servilio Glaucia) devolvía aos cabaleiros o control sobre tribunais.

O tribuno da plebe Apuleio Saturnino presentou unha lei agraria (103) que concedía terras en África aos veteranos de Mario; tamén promoveu a lei *de maiestate* mediante a cal se perseguía os que obrasen contra a dignidade dos cidadáns.

Outra figura relevante da política popular foi o tribuno da plebe Livio Druso. Súas son varias iniciativas a favor dos dereitos da plebe: a lei *frumentaria*: destinaba fondos do Estado para garantir o abastecemento da plebe de Roma vendendo trigo a baixo prezo; e a lei *iudiciaria*: os xuíces eran nomeados entre senadores, pero o Senado debía incrementarse en 300 novos membros recrutados entre cabaleiros. Non obstante, o Senado anulou as súas medidas e Druso morreu asasinado.

4.4. A Guerra dos Aliados (90-88)

A anulación das leis de Druso levou a itálicos e aliados a coller as armas para reclamar o dereito de cidadanía. A guerra foi moi custosa en homes e recursos. Nos combates sobresaíu a figura de **Sila**. A guerra serviu para unificar xuridicamente as poboacións ao sur do Po: no 89 a lei *Pompeia* daba a cidadanía latina a todas as comunidades da provincia Cisalpina.

4.5. A guerra civil entre Mario e Sila (88-81)

O tribuno da plebe **Sulpicio Rufo** (88) propuxo que os novos cidadáns fosen distribuídos entre as 35 tribos romanas e, así mesmo, defendeu a renovación do Senado cos cabaleiros de fortunas máis saneadas.

Ao mesmo tempo, outra lei privaba a Sila do mando do exército e propoñía a Mario como xefe da campaña contra Mitrídates no Ponto. No ano 88, Sila fora elixido cónsul, polo que o Senado debía elixir entre Sila ou Mario como comandante do exército: nomeou a Sila, mentres Mario foi designado pola asemblea popular. Finalmente, Mario tivo que fuxir de Roma e Sulpicio Rufo foi asasinado e as súas leis anuladas.

Para evitar que se repetisen situacións similares, Sila aprobou unha lei pola cal se precisaba autorización previa do Senado antes de someter unha lei á asemblea. Sila derrotou a Mitrídates e regresou a Roma.

Pola súa banda, os *populares* recuperáronse baixo a dirección de Cinna (cónsul popular) e co apoio de Mario. Neste contexto desencadeouse unha calamitosa guerra civil entre Sila e Mario, apoiado por Cinna, polo control do exército. A vitoria caeu do lado de Sila, quen selou o seu triunfo co masacre dos seus inimigos, a confiscación das súas propiedades e a perda de dereitos para os seus descendentes (81).

4.6. A ditadura de Sila (81-80)

Sila foi nomeado ditador pola Lei Valeria, con autoridade absoluta para reorganizar o Estado. Suspendeu dereitos individuais e manipulou eleccións e maxistrados. Non obstante, tamén resucitou vellas institucións e procurou recuperar o prestixio do Senado, como máximo órgano directivo da política interior e exterior. A medida máis negativa que marcou o seu mandato foron as proscripcións contra os seus inimigos: uns 5.000 cidadáns foron represaliados.

Entre as reformas que impulsou cabe sinalar as seguintes.

Ampliou o Senado a 600 senadores: duplicouno; os novos membros eran *equites* e membros da clase dirixente itálica.

Reformou o exército para convertelo nun factor de orde e concedeu terras aos veteranos das guerras pasadas.

As maxistraturas foron reestruturadas e reformáronse as súas vías de acceso para garantir experiencia e lealdade (esixíanse 10 anos entre un grao e outro).

Os gobernadores provinciais debían ser antes pretores ou cónsules (propretores e procónsules).

Tamén modificou as maxistraturas relixiosas: fixou en 15 os membros de cada colexio (pontífices, augures e responsables de rituais públicos) e suprimiu a lei popular Domicia, pola cal eses sacerdotes eran elixidos na asemblea popular.

Respecto dos tribunos da plebe, limitou o seu poder, eliminando o poder de veto e a capacidade de propoñer leis á asemblea sen o consentimento do Senado. Ademais fixo menos atractiva esta maxistratura: quen fora tribuno non podía optar á pretura ou ao consulado.

Modificou o sistema xudicial, outorgándolle ao Senado o seu control.

Realizadas estas reformas, Sila dimitiu de todos os seus cargos e retirouse. Deseguida se viu que a orde institucional creada non resolvía os graves problemas do sistema. Pola contra, as súas reformas uniran e radicalizaran máis a oposición.

4.7. O primeiro triunvirato

O Imperio volvía expandirse grazas a unha serie de xenerais que se van converter en protagonistas da vida política.

No contexto da guerra contra os piratas (78-66) creouse un mando único sobre a frota do Mediterráneo. Este mando recaeu en **Pompeio**, quen derrotou os piratas e axiña recibiu outro mandato, ata o 62, para rematar co perigo de Mitrídates. Nesta misión acadou grandes éxitos e sen esperar autorización do Senado asumiu a reorganización dos territorios orientais e creou unha rede de pequenos reinos clientes.

Pola súa vez, **Craso**, astuto e rico especulador que prosperara nos anos de Sila, esmagou no sur de Italia unha violenta sublevación de escravos (liderada por Espartaco, nos anos 73-71).

Por último, César protagonizou a campaña militar máis famosa da época, as guerras gálicas: entre os anos 58-50 expandiu o Imperio ata as beiras do Rhin e do Atlántico. Neste contexto triunfal, César foi elixido cónsul no 59 e recibiu un mando excepcional de 5 anos para a provincia Cisalpina e o Ilírico. Logo, o Senado concedeuulle o mando sobre a provincia Narbonense. Neste tempo Pompeio controlaba Hispania.

César propuxo unha lei agraria para repartir terras aos veteranos de Pompeio e conseguiu que o Senado ratificase a política de Pompeio en Oriente. Finalmente, Pompeio casou coa irmá de César, Xulia, reafirmando así a súa alianza política.

A continuación, en Lucca, no ano 57, César, Pompeio, xunto con Craso, afondaron no reparto tácito de poder acadado ata o momento:

- Pompeio prorrogaba o mando en Hispania por 5 anos;
- Craso recibía a provincia de Siria;
- Craso e Pompeio debían ocupar o consulado no 56.

4.8. A guerra entre César e Pompeio

Craso morre no 53 e, no 54, faino Xulia: desátase así a crise política entre César e Pompeio (52-49). Roto o triunvirato, o Senado buscou a protección de Pompeio para repoñer a orde pública en Roma. A magna institución concedeuulle poder extraordinario e nomeouno cónsul único. Sen perder o poder proconsular en Hispania, prorrogado 5 anos, o xeneral reunía o poder dos dous cónsules (8 lexións).

Pola súa banda, César gozaba dun gran prestixio militar, era procónsul da Galia e dispoñía de tropas experimentadas. O Senado decidiu deixar o exército de César nas Galias ao final do seu mandato e ordenou que regresase a Roma. César reclamou entón outro período de mandato ou o consulado do ano 49. O Senado non aceptou as condicións de César e cruzou o río Rubicón, no 49, desencadeando a guerra civil.

A fuxida de Roma por parte de Pompeio levou o Senado a nomear a César ditador. Este aprobou leis que procuraron mellorar as finanzas para atraerse os cabaleiros; amnistiou os exiliados por Pompeio e ampliou as súas bases sociais de poder.

Finalmente, renunciou á ditadura para dirixir o enfrontamento decisivo contra Pompeio que tivo lugar en Farsalia (Tesalia), no ano 48. Pompeio fuxiu a Exipto, onde morreu, pero os seus partidarios continuaron loitando en África e Hispania. A batalla definitiva tivo lugar en Munda (Córdoba).

4.9. César: reformas e réxime político (46-44)

César é nomeado **ditador**, nesta ocasión vitalicio, con poder extraordinario sobre as tropas e con capacidade política plena. Foi nomeado cónsul, *imperator* (comandante do exército) e pontífice máximo, co que tiña dereito a transmitir o seu

cargo por herdanza (que confiou a Octavio). Tamén se atribuíu o poder dos tribunos da plebe. Nestas circunstancias, a República xa rematara.

Ante a destrución provocada pola guerra, a tarefa de reconstrución obrigou a César a tomar medidas que reestruturaron por completo o Estado.

Incrementou o número de senadores (de 600 a 900) con membros das oligarquías urbanas de Italia e provinciais. Debilitou a institución, quitándolle a potestade de declarar a paz e a guerra, así como a custodia do Tesouro público.

Nas provincias buscou converter a gobernadores e *publicani* en xestores dun sistema administrativo regularizado. Eliminou o corrupto sistema de impostos e volveu esixir o cobramento regular de impostos indirectos (peaxe, manumisión de escravos, transmisións testamentarias, etc.). Concedeu a cidadanía romana a toda a Galia Cisalpina e a outras cidades galas e hispanas.

Promoveu unha lei agraria pola cal todo proletario pai de tres fillos recibía un lote de *ager publicus* de 2,5 ha. O resultado foi a recuperación da agricultura, o incremento do potencial humano en Italia, a ampliación da base de recrutamento dos corpos lexionarios, así como o aforro na distribución do cereal público.

Realizou reparticións alimentarias aínda que reduciu o número de beneficiarios.

Practicou unha política activa de colonización e municipalización: asentou veteranos do exército e membros da plebe en colonias nas provincias. Asemade, transformou moitas cidades en municipios de dereito romano ou latino.

Respecto do exército, pagou ben as tropas para evitar revoltas e reduciu o número de lexións a 32.

Limitou o dereito de asociación posto que algúns *collegia* convertéranse en focos de disturbios.

Promoveu medidas para estimular o matrimonio e a natalidade.

Estimou a realización de obras públicas en Roma (o Foro, vías, acueduto) e noutras cidades.

Modificou o calendario ao axustar o ano ao curso do sol con 365 días e 12 meses.

Moitos políticos encontraban insoportable a posición constitucional do ditador quen acaparara practicamente todo o poder, sempre repartido e compartido na República. Unha conxura planeada por Bruto e Casio provocou o asasinato de César nos *idus* de marzo do ano 44.

4.10. O segundo triunvirato e o triunfo de Octavio (42-35)

Marco Antonio expulsou os asasinos de César, Casio e Bruto, a Grecia e fíxose co poder. Pero César nomeara como sucesor o seu sobriño-neto Octavio. Octavio e Marco Antonio acordaron que, xunto con Lépido, se enfrontarían ao partido senatorial e decidiron que os principais membros do partido conservador debían morrer e os seus bens tiñan que ser confiscados.

O bando senatorial posuía un exército poderoso en Grecia, baixo as ordes dos asasinados de César. Marco Antonio e Octavio partiron a Macedonia a vingar a morte de César e derrotáronos na batalla de Filipos (42).

Os triunviros repartíronse Roma:

- Marco Antonio: as ricas provincias de Oriente;
- Octavio: Italia e as provincias de Occidente;
- Lépido: as menos valiosas provincias africanas.

No ano 36, Octavio apartou a Lépido da vida política: asegurara a súa posición e preparaba o panorama político e militar para romper con Marco Antonio, quen casara con Cleopatra. Octavio lanzou a opinión pública contra Marco Antonio, difundindo o rumor de que este pensaba doar provincias romanas á raíña de Exipto. No 31, o Senado, controlado por Octavio, declaroulle a guerra a Cleopatra. Na Batalla de Actium, Marco Antonio e Cleopatra foron derrotados. Octavio quedou só no poder.

4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PROPOSTAS

Co obxecto de facilitar e racionalizar a docencia da materia empregáronse os seguintes métodos de traballo.

Clases **expositivas** (7 sesións dunha hora de duración cada unha), nas que se presentarán os contidos teóricos da unidade.

Clases **interactivas** (3 sesións dunha hora de duración cada unha), nas que se desenvolverán actividades prácticas relacionadas cos contidos teóricos previamente expostos.

Tutoría personalizada, na que se atenderán todas as cuestións que a unidade suscite ao alumnado de maneira individual.

Nas tres sesións interactivas realizaranse unha serie de actividades na aula que o alumnado terá que entregar á profesora para a súa avaliación de maneira individual.

Na primeira traballarase a Lei das Doce Táboas a partir dun texto seleccionado (anexo 1).

Na segunda realizarase un comentario sobre a actividade política da tardía República a partir de extractos do *Commentariolum petitionis* de Quinto Cicerón (anexo 2).

Na terceira traballarase a xeografía do período, localizando nun mapa unha serie de termos esenciais (ciudades, batallas) para o desenvolvemento da unidade (anexo 3).

5. AVALIACIÓN

A avaliación da unidade docente estará incluída na valoración xeral da materia. Dada a relevancia deste módulo no conxunto da materia, a súa avaliación suporá un terzo da cualificación final.

Valorarase o rendemento e a aprendizaxe adquirida a través dunha combinación equilibrada entre actividades de carácter formativo e de carácter final. Nas actividades formativas terase en conta o esforzo e o progreso na aprendizaxe e incentivarase a dedicación constante á materia ao longo da unidade. A actividade de carácter final permitirá comprobar os resultados da aprendizaxe.

Desta maneira, na avaliación teranse en conta tres elementos: a participación na aula, as actividades prácticas das sesións interactivas e a proba escrita. A participación na aula suporá un 20% da cualificación, as prácticas o 30% (cada unha un 10%) e a proba escrita o 50% da cualificación final desta unidade.

Dada a relevancia desta unidade, a súa cualificación suporá o 25% da cualificación final da materia.

6. BIBLIOGRAFÍA

- CANFORA, L. (2000): *Julio César. Un dictador democrático*, Barcelona: Ariel.
- CRAWFORD, M. (1981): *La República romana*, Madrid: Taurus.
- DUPLÁ ANSUÁTEGUI, A. (2010): *La República romana arcaica (509-264 a. C.)*, Síntesis: Madrid.
- FATÁS, G. (1994): *Materiales para un curso de Historia Antigua*, Santiago de Compostela: Tórculo.
- FLOWER, H. I. (2010): *Roman Republics*, Princeton: Princeton University Press.
- GABBA, E. e U. LAFFI (2000): *Sociedad y política en la Roma republicana*, Pisa: Paccini.
- GOLDSWORTHY, A. (2002): *Las Guerras Púnicas*, Barcelona: Ariel.
- HARRIS, W. V. (1989): *Guerra e imperialismo en la Roma republicana 327-70 a. C.*, Madrid: Siglo XXI.
- HEURGON, J. (1982): *Roma y el Mediterráneo occidental hasta las guerras púnicas*, Barcelona: Labor.
- LE GLAY, M. (2001): *Grandeza y decadencia de la República romana*, Madrid: Cátedra.
- PINA POLO, F. (1999): *La crisis de la República*, Madrid: Síntesis.
- SUÁREZ PIÑEIRO, A. M.^a (2003): *En campaña electoral por la Roma de Cicerón. La política romana a finales de la República*, Santiago de Compostela: Edicións Lóstrego.
- SYME, R. (1989): *La revolución romana*, Madrid: Taurus.
- VEYNE, P. (1991): *La sociedad romana*. Madrid: Mondadori.
- VIÑAS, A. (2010): *Instituciones políticas y sociales de la Roma antigua*, Iustel: Madrid.

8. ANEXOS

8.1. Lei das Doce Táboas

A partir da lectura do texto, responde a estas dúas cuestións:

- B. Indica o significado que os seguintes termos teñen no texto: «agnados», «usucapión», «accións noxais».
- C. Sinala os temas principais que abordan as leis.

Táboa I

«Se alguén é citado segundo dereito, acuda. Se non acode, que se dea fe e que se capture.

Se hai enfermidade, idade ou minusvalía que se lle dea montura. Se non a quere, non se lle dea vehículo.

O garante do propietario sexa propietario. Do pobre, un [cidadán] que o aprecie.

Cando pacten, anúnciese.

Se non pactan, que leven a súa causa ao comicio ou ao foro antes de mediodía. Durante a exposición, que estean presentes ambos os dous.

Pasado mediodía adxudíquese o litixio a quen estea presente.

Se están ambos os dous presentes, que a caída do sol sexa o último momento».

Táboa II

«Quen carecese de testemuña, por tres días a reclame ante a súa porta».

Táboa III

«Confesada a débeda [en diñeiro] e xulgadas as cousas en dereito, haxa un prazo legal de 30 días.

Logo, que sexa prendido. Sexa levado ao tribunal.

Se non cumpre o sentenciado nin ninguén o avala ante o tribunal, que o leve consigo [o acreedor], áteo con corda ou con cadeas de, como máximo, 15 libras, ou se quere, de menos.

Se o quere, viva do seu. Se non, o que o ten encadeado daralle unha libra de gran ao día. Se quere, daralle máis.

Non obstante, aínda quedaba o dereito a avirse e, se non, tíñano encadeado sesenta días. Durante eles, por tres mercados seguidos, era levado ao comicio ante o pretor e anunciábase a contía da súa condena. Ao terceiro mercado executábanse as penas capitais ou ían vendelo á outra beira do Tíber, como estranxeiro.

Ao terceiro mercado, que se corten os anacos. Se non resultan iguais, non sexa fraude».

Táboa IV

«Se o pai vendeu por tres veces o fillo, quede este libre de seu pai».

Táboa V

«Os antecesores quixeron, así, que as mulleres, mesmo adultas, quedasen baixo tutela en razón da súa lixeireza de espírito [...] salvo as virxes Vestais que quixeron fosen libres: e así se prevé na Lei das XII Táboas.

Os que non recibisen titor por testamento, pola lei das XII Táboas terán como titores os seus agnados.

Se alguén está tolo e non ten custodio, que a potestade sobre el e os seus bens sexa dos seus agnados e xentís».

Táboa VI

«Prevese na Lei das XII Táboas que se unha muller non quere caer baixo a *manus* do marido se ausente tres noites cada ano e que dese modo interrompa cada ano a usucapión».

Táboa VIII

«Se lle arrancou un membro e non se aveu con el, aplíqueselle talión.

Se o patrón defraudase o cliente, sexa execrado».

Táboa IX

«Que non se establezan privilexios.

Que non se diten penas capitais contra cidadáns senón polos comicios máximos».

Táboa X

«Que non se enterre nin queime cadáver na cidade».

Táboa XI

«Tras ter [os decemviro] redactado dez táboas de leis con suma equidade e prudencia, foron substituídos ao ano seguinte por outros dez que, engadindo dúas táboas de leis inicuas, prohibiron cunha lei inhumanísima os matrimonios de plebeos con patricios».

Táboa XII

«Os delitos dos fillos de familia ou dos escravos xeraron as accións noxais, para que o *paterfamilias* ou amo puidese á súa elección ou se expoñer á estimación dun xuízo ou entregar o culpable [...] As accións noxais instituíronse mediante leis ou polo edicto do pretor: mediante leis, como a das XII Táboas sobre todo... »

G. Fatás, *Materiales para un curso de Historia Antigua*, Santiago de Compostela: Tórculo, 1994, 55.

8.2. *Commentariolum petitionis*

Tras a lectura do texto, responde a estas cuestións.

- A. Cal é o tema principal?
- B. Quen é o seu autor?
- C. Que consellos se dan e con que obxectivo?
- D. Consideras actual o contido aquí exposto?

«(5) Debes tratar a todos con dilixencia e convencelos de que sempre estivemos cos *optimates*, e en modo ningún cos *populares*; que se ao falar parecíamos falar como os *populares*, fixémoslo para conciliarnos con Gneo Pompeio, co obxecto de que alguén tan poderoso fose favorable á nosa causa ou, polo menos, non un adversario.

(16) A candidatura a unha maxistratura implica dous tipos de actividade: unha, consiste en asegurarse o apoio dos amigos e, outra, na vontade popular. É necesario que o apoio dos amigos sexa froito dos favores, da estima, das vellas relacións, da afabilidade e da amabilidade do carácter. Pero en campaña o nome de «amigo» ten un valor máis amplo que na vida corrente. En efecto, aqueles que che mostren simpatía, que te frecuenten, que acudan a miúdo á túa casa, debes consideralos como amigos. Pero serate de máximo proveito ser querido por aqueles amigos que te corresponden máis por parentesco, afinidade, camaradaría ou calquera outra relación.

(30) Despois, ocúpate de toda a cidade, de todas as corporacións, distritos e barrios. Se sabes atraerche a amizade dos seus principais representantes, poderás conquistar doadamente o resto da multitude. Logo actúa de maneira que toda Italia, dividida en tribos, estea presente no teu ánimo e na túa memoria, para que non haxa un municipio, unha colonia, unha prefectura, en suma, un lugar de Italia no que non teñas un apoio suficiente.

(31) Indaga e descobre homes en todas as rexións; coñéceos, atráeos, asegura a súa fidelidade, preocúpate de que fagan campaña no seu barrio e de que sexan case candidatos pola súa conta. Quererante como amigo se ven que ti desexas a súa amizade. Para que entendan isto, utiliza unha linguaxe apropiada. Os provincianos e campesiños cren que son nosos amigos se os coñecemos polo seu nome; e se pensan que así poden conseguir algún beneficio, non perden ocasión de merecelo. Os outros candidatos, en particular os teus adversarios, non os coñecen; ti, pola contra, si o sabes e coñeceralos, sen o cal non pode haber amizade.

(41) Xa que dixen bastante sobre o xeito de crearse amizades, debo falar doutro elemento da campaña electoral, que é o favor popular. Este esixe coñecer o nome dos electores, afagos, visitas, xenerosidade, popularidade e expectativa política.

(44) Tamén a xenerosidade ten moita importancia. Maníffestase cos máis próximos, e aínda que non pode chegar á multitude, ao ser gabada polos amigos agrada a esta; maníffestase nos banquetes que debes procurar organizar persoalmente, así como os teus amigos, para todo o mundo e para cada tribo; maníffestase tamén na túa actividade que debes dirixir a todos. Procura tamén ser accesible día e noite, tendo as portas da túa casa abertas e cun ánimo disposto reflectido no teu rostro e

no teu aspecto; se deixan ver que a túa vontade é oculta e retraída, pouco importa abrir as portas. Os homes, pois, non só queren recibir promesas, sobre todo cando se dirixen a un candidato; queren tamén que sexan promesas xenerosas e honrosas.

(50) Segue, pois, falar sobre a opinión pública, da que hai que ocuparse en primeiro lugar. Pero o dito con anterioridade vale tamén para gañar a opinión pública: gloria como orador, afecto dos publicanos e da orde ecuestre, simpatía dos nobres, presenza continua dos mozos, asiduidade daqueles que defendiches, a multitude dos municipios que claramente vén pola túa causa, que digan e pensen que os coñeces ben, que lles falas con cortesía, que lles pides o voto con frecuencia, que es bo e xeneroso; a túa casa chea de xente de madrugada, a continua presenza de cidadáns de toda clase, a satisfacción de todos polas túas palabras e de moitos polas túas accións; para que poidas obter con traballo, habilidade e dedicación non que a túa reputación chegue dende a túa xente ao pobo, senón que o propio pobo adopte os mesmos sentimentos cara a ti.

(52) Finalmente, procura que toda a campaña electoral se desenvolva de xeito pomposo, brillante, magnífico e popular, que teña aspecto e decoro máximos, e tamén que, no posible, provoque contra os teus adversarios sospeita de crimes, desenfreo ou subornos».

A. M.^a Suárez Piñeiro, *En campaña electoral por la Roma de Cicerón. La política romana a finales de la República*, Santiago de Compostela: Edicións Lóstrego, 2003.

8.3. Xeografía republicana

Localiza nun mapa mudo da Roma republicana os seguintes puntos: Alexandría, Cannas, Cartago, Cilicia, Emporion, Imperio Seleúcida, Macedonia, Magna Grecia, Pérgamo, Sagunto, Siracusa, Siria, Tarento, Veies, Zama.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA